

Que é "Moodle app" e como usar esta aplicación para dispositivos móbiles

Para que serve Moodle App?

Con **Moodle Mobile**, a App móbil (para dispositivos móbiles) oficial de Moodle, poderás:

- Acceder ao contido deste curso desde o teu dispositivo móbil, incluso sen conexión a internet.
- Recibir notificacións instantáneas de mensaxes e outros eventos.
- Atopar rapidamente e contactar con outras persoas deste mesmo curso.
- Subir imaxes, audio, vídeo e outros ficheiros desde o teu dispositivo móbil.
- Facer un seguimento do teu progreso neste curso.
- Ver as tarefas e publicar nos foros.
- Ver as túas cualificacións no curso.
- ... e moito máis.

Como podo instalar Moodle App?

A instalación da app oficial de Moodle para dispositivos móbiles é moi sinxela e instálase igual que calquera outra aplicación para o móbil. **Esta app é totalmente gratuíta.**



- 1 Se usas un dispositivo móbil (teléfono ou tableta) con **sistema operativo Android**.


Desde o teu dispositivo móbil abre a tenda de aplicacións **Google Play** e busca a app tecleando "Moodle app". A continuación descarga e instala esta app no teu dispositivo móbil.

- 2 Se usas un dispositivo móbil (teléfono ou tableta) con **sistema operativo iOS**.

Desde o teu dispositivo móbil abre a tenda de aplicacións **App Store** e busca a app tecleando "Moodle app". A continuación descarga e instala esta app no teu dispositivo móbil.

Como conectar con PLATEGA?

Despois de instalar a app no teu dispositivo móbil (teléfono ou tableta), a primeira vez que inicies a app deberás introducir os datos necesarios para conectar con PLATEGA, que serán os seguintes:



① Cando abras por primeira vez a app, deberás introducir a dirección URL de PLATEGA

② Fíxate que introduces correctamente a dirección URL e que non cometes ningún erro. Sobre todo asegúrate de que introduces o dominio ".gal" e non ".es"

③ Por último, se a conexión foi correcta, a app pedirache que introduces os teus datos de usuario, polo que deberás introducir o teu "nome de usuario" e "contrasinal".

URL de Platega = <http://www.edu.xunta.gal/centros/iespobracaraminal/aulavirtual/>